

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**18914** *Real decreto 1596/2011, do 4 de novembro, polo que se desenvolve a disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei xeral da seguridade social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, en relación coa extensión da acción protectora por continxencias profesionais aos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar.*

A disposición derradeira terceira, nove, da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, engadiu unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo terceira, á Lei xeral da seguridade social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, mediante a cal se estende, con efectos do 1 de xaneiro de 2011, a acción protectora por continxencias profesionais aos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar.

Esta norma cabe enmarcala no proceso iniciado como consecuencia do denominado Pacto de Toledo de 1995, na súa recomendación cuarta e as súas posteriores actualizacións en 2003 e 2011, que determinan un principio de homoxeneización gradual da regulación dos distintos réximes especiais e unha ampliación das continxencias protexidas que debe culminar nunha equiparación coa acción protectora do réxime xeral.

Ata agora, en virtude do disposto no Decreto 2346/1969, do 25 de setembro, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar, as continxencias protexidas neste réxime eran exclusivamente as establecidas no réxime xeral da Seguridade Social por continxencias comúns, con independencia de que a enfermidade ou o accidente do empregado de fogar tivesen, respectivamente, carácter profesional ou laboral, ou non o tivesen.

Debido, polo tanto, a que o réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar tiña recoñecido menor número de continxencias dentro do sistema de seguridade social, era necesario facer efectiva a ampliación das continxencias protexidas, incluíndo as de carácter profesional, co obxecto de equiparar as condicións de protección dos traballadores incluídos no campo de aplicación do citado réxime cos pertencentes aos demais réximes.

A referida disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei xeral da seguridade social establece tamén que polas continxencias profesionais se recoñecerán as prestacións que, por elas, están previstas para os traballadores incluídos no réxime xeral, nos termos e nas condicións que se establezan regulamentariamente, determinando, así mesmo, a conseguinte obriga de cotizar polas repetidas continxencias e remitindo á norma correspondente a especificación do tipo de cotización previsto para o efecto na tarifa de primas por esas continxencias profesionais que se deba aplicar a estes traballadores.

En consecuencia, de acordo co determinado na referida disposición adicional e co obxecto de facer plenamente efectiva a nova extensión da acción protectora das persoas incluídas no aludido réxime especial de empregados de fogar, cómpre proceder tanto á adaptación dos regulamentos xerais sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, e sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobados, respectivamente, polos reais decretos 84/1996, do 26 de xaneiro, e 2064/1995, do 22 de decembro, como ao oportuno desenvolvemento regulamentario en materia de prestacións.

Este desenvolvemento regulamentario faise sen prexuízo da adaptación que será preciso realizar cando, con efectos do día 1 de xaneiro de 2012, teñan efectividade as previsións da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e

modernización do sistema de seguridade social, referidas á integración do réxime especial de empregados de fogar no réxime xeral da Seguridade Social.

Na tramitación deste real decreto solicitáronse os informes oportunos aos interlocutores sociais e aos órganos afectados da Administración xeral do Estado.

O real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

*Artigo 1. Continxencias protexidas e prestacións.*

Para os efectos do establecido na disposición adicional quincuaxésimo terceira da Lei xeral da seguridade social, no réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar considéranse protexidas as continxencias por accidente de traballo e enfermidade profesional nos mesmos termos e condicións que os establecidos para a cobertura das continxencias profesionais no réxime xeral.

Polas continxencias indicadas recoñeceranse as prestacións que, por elas, están previstas no réxime xeral, nos termos e nas condicións que se establecen neste real decreto.

*Artigo 2. Concepto do accidente de traballo e da enfermidade profesional.*

Para o cumprimento do previsto nesta norma, os conceptos do accidente de traballo e da enfermidade profesional serán os establecidos, respectivamente, nos artigos 115 e 116 da Lei xeral da seguridade social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

*Artigo 3. Alcance da acción protectora por continxencias profesionais, derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional.*

1. Os empregados de fogar e, de ser o caso, os seus familiares terán dereito ás prestacións seguintes:

- a) Asistencia sanitaria.
- b) Recuperación profesional.
- c) Subsidio por incapacidade temporal.
- d) Prestacións por incapacidade permanente.
- e) Prestacións por morte e supervivencia.
- f) Indemnizacións a prezo global por lesións permanentes non invalidantes, derivadas de accidente de traballo ou de enfermidade profesional.

2. Non será de aplicación aos empregados de fogar a recarga das prestacións económicas en caso de accidente de traballo e enfermidade profesional por falta de medidas de prevención de riscos laborais, a que se refire o artigo 123 da Lei xeral da seguridade social.

*Artigo 4. Condicións de acceso ás prestacións.*

1. Será requisito imprescindible para o recoñecemento e aboamento das prestacións económicas, derivadas de continxencias profesionais, que se cumprisen as obrigas en materia de afiliación e alta neste réxime especial.

2. Malia o indicado no número anterior, cando o titular do fogar familiar incumprise as obrigas de afiliación, alta ou cotización do empregado de fogar, recoñeceranse as

prestacións económicas derivadas de continxencias profesionais que lle correspondan a este, con independencia da existencia de responsabilidade ao titular do fogar familiar en canto ao pagamento da cotización e das sancións que deriven en virtude do establecido na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

3. O incumprimento das obrigas en materia de afiliación e/ou alta no réxime especial dos empregados de fogar, se o obrigado a solicitarlas é o propio traballador, impedirá o acceso ás prestacións.

Non obstante, se o empregado de fogar cumpriu tales obrigas pero non está ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social, será de aplicación o mecanismo de invitación ao pagamento previsto no artigo 28.2 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

#### *Artigo 5. Subsidio por incapacidade temporal.*

1. A prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais rexeráse polo previsto neste artigo e, no non regulado nel, polo establecido no réxime xeral.

2. O subsidio por incapacidade temporal, nos casos de accidente de traballo ou enfermidade profesional, aboarase a partir do noveno día da baixa no traballo, e estará a cargo do empregador o aboamento da prestación ao traballador desde os días cuarto ao oitavo da citada baixa, ambos os dous inclusive.

3. A contía diaria do subsidio será o resultado de aplicar o 75 por 100 á correspondente base reguladora.

A base reguladora da prestación estará constituída pola base de cotización do empregado de fogar correspondente ao mes anterior ao da baixa médica, dividida entre 30. A dita base manterase durante todo o proceso de incapacidade temporal, incluídas as correspondentes recaídas, salvo que se produza un cambio na base única de cotización, caso en que se terá en conta esta última.

4. A xestión e o control da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais levaraos a cabo a entidade xestora ou, de ser o caso, a mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que se formalizase a cobertura de tales continxencias.

#### *Artigo 6. Subsidios por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural.*

Os subsidios por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural rexeráse polo disposto no Real decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da seguridade social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

#### *Artigo 7. Prestacións por incapacidade permanente, indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes e prestacións por morte e supervivencia.*

A base reguladora das prestacións de incapacidade permanente e de morte e supervivencia, derivadas de continxencias profesionais, será equivalente á base de cotización do empregado de fogar na data do feito causante da prestación.

Respecto das prestacións de incapacidade permanente e indemnizacións por lesións permanentes non invalidantes, observarase o disposto no Real decreto 1300/1995, do 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do sistema da seguridade social, a Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

*Artigo 8. Recoñecemento do dereito e pagamento.*

O recoñecemento do dereito e o pagamento das prestacións derivadas de continxencias profesionais levaraos a cabo, en iguais termos e nas mesmas situacións que no réxime xeral da Seguridade Social, a entidade xestora ou, se é o caso, a mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que se formalizase a cobertura de tales continxencias.

Para tal efecto, cando se trate de pensións causadas por incapacidade permanente ou morte derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional, con cargo a unha mutua, esta procederá, nos termos establecidos no artigo 87.3 da Lei xeral da seguridade social, á capitalización do importe desas pensións, e deberá constituír na Tesouraría Xeral da Seguridade Xeral, ata o límite da súa responsabilidade, os capitais custo correspondentes.

*Disposición transitoria única. Elección de entidade para a cobertura das continxencias profesionais.*

Os titulares do fogar familiar que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, tivesen empregados de fogar en alta, ou os propios empregados de fogar de carácter discontinuo que estivesen en alta nese momento, deberán elixir a entidade xestora ou colaboradora con que desexen formalizar a cobertura das continxencias profesionais, no prazo dos 30 días hábiles seguintes a partir da súa entrada en vigor.

De non se efectuar tal elección no prazo sinalado, a cobertura corresponderá á entidade xestora da Seguridade Social, e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social formalizará de oficio.

*Disposición derogatoria única. Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, expresamente, o número 3 do artigo 22 e o número 2 do artigo 33 do Decreto 2346/1969, do 25 de setembro, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar.

*Disposición derradeira primeira. Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social atribuída ao Estado polo artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución.

*Disposición derradeira segunda. Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

Os números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, quedan redactados nos seguintes termos:

«1. No momento de solicitar a súa inscrición como empresarios, os cabezas de familia ou titulares do fogar familiar que teñan empregados de fogar ao seu servizo de xeito exclusivo e permanente deberán facer constar a entidade xestora ou colaboradora pola que optan para a protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto daqueles.

2. O obrigado a solicitar a afiliación, a alta e a baixa no réxime especial de empregados de fogar será o propio traballador ao servizo do fogar familiar cando preste os seus servizos a un ou máis cabezas de familia ou titulares do fogar familiar a tempo parcial, sexa con carácter indefinido, tanto de forma fixa periódica

como fixa descontinua, ou sexa de duración determinada nos supostos previstos no artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

1.º Neste caso, ademais da documentación establecida con carácter xeral, o empregado de fogar deberá xuntar á súa solicitude de afiliación ou alta declaración de todos os cabezas de familia en que cada un daqueles faga constar o tempo e demais condicións da prestación de servizos con carácter parcial ou descontinuo.

Na solicitude de alta deberá figurar, así mesmo, a entidade xestora ou colaboradora pola que o empregado de fogar optase para a cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Estas solicitudes de afiliación e de alta, así como a documentación que deba acompañalas, presentaranse dentro dos seis días naturais seguintes á data de inicio da actividade correspondente.

2.º Para os efectos do disposto neste regulamento, consideraranse servizos prestados a tempo parcial os que se presten durante un tempo inferior a oitenta horas de traballo efectivo durante o mes, sempre que superen o mínimo que estableza ao respecto o ministro de Traballo e Inmigración».

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

«1. A cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais por parte dos empresarios, dos traballadores por conta propia e dos empregados de fogar que presten os seus servizos con carácter parcial ou descontinuo a un ou máis empregadores, nos termos establecidos neste regulamento, efectuarase mediante a aplicación dos tipos de cotización que correspondan ás actividades económicas de empresas e traballadores e ás ocupacións ou situacións destes últimos, conforme a tarifa de primas vixente.»

Dous. O artigo 46 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 46. Suxeitos da obriga de cotizar.

1. No réxime especial da Seguridade Social de empregados de fogar, están suxeitos á obriga de cotizar os cabezas de familia ou titulares do fogar familiar que teñan algún empregado de fogar ao seu servizo de xeito exclusivo e permanente e os empregados de fogar ao servizo daqueles comprendidos no campo de aplicación do citado réxime especial, sendo de aplicación o disposto ao respecto no artigo 22 deste regulamento.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, cando o empregado de fogar preste os seus servizos para un só empregador e a duración destes sexa superior á metade da xornada habitual, entenderase que aquel os presta de xeito exclusivo e permanente.

2. Se o empregado de fogar presta os seus servizos con carácter parcial ou descontinuo a un ou máis empregadores, o suxeito da obriga de cotizar a este réxime especial, tanto por contingencias comúns coma por contingencias profesionais, será exclusivamente o devandito traballador.

3. Así mesmo, o empregado de fogar será o suxeito único da obriga de cotizar nas situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, incluído o mes de finalización das

ditas situacións pero excluído o mes en que se inicien, no cal serán suxeitos da obriga de cotizar o cabeza de familia e o empregado de fogar nos termos indicados no número 1.»

Tres. O artigo 48 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 48. Tipos de cotización.

1. Para os efectos da cotización por contingencias comúns, o tipo de cotización aplicable neste réxime especial así como a súa distribución, se é o caso, para determinar as achegas dos empregadores e dos empregados de fogar, será o determinado pola correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado en cada exercicio económico.

2. Para os efectos da cotización por contingencias profesionais, aplicarase o tipo de cotización que corresponda da tarifa de primas vixente».

Catro. O artigo 50 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 50. Liquidación da cota como obxecto da obriga de cotizar.

A contía da cota do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar, que será mensual e indivisible, calcularase aplicándolle á base de cotización determinada no artigo 47 os tipos de cotización a que se refire o artigo 48; no demais observarase o establecido nos artigos 17 e seguintes deste regulamento, así como nos artigos 55 e seguintes do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e demais disposicións complementarias».

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións de carácter xeral necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración  
VALERIANO GÓMEZ SÁNCHEZ